

EXPTE.: D 90/2020

OBXECTO: MEDIDAS PARA ACTIVIDADES DO OCIO NOCTURNO

EDICTO

O concelleiro delegado de Urbanismo e Infraestruturas, FAI SABER:

A “Orde do 15 de agosto de 2020 pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade” (DOGA do 15.08.2020) establece o peche dos establecementos de lecer nocturno indicando no seu apartado Primeiro, punto Seis, o seguinte:

“Seis. O número 3.34 do anexo queda redactado como segue:

«3.34. Discotecas e resto de establecementos de lecer nocturno

Os locais de discotecas e demais establecementos de lecer nocturno permanecerán pechados.

Entenderanse por establecementos de lecer nocturno, para os efectos do establecido nestas medidas, as discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores.

A medida será de aplicación tanto respecto do interior dos locais como das terrazas destes establecementos»”.

Dita medida afecta a unha pluralidade de establecementos do noso concello, o que se fai preciso posibilitar, dentro do marco legal, a continuidade da actividade económica compaxinado co estricto cumprimento da normativa sanitaria debido ó COVID-19.

O artigo 40 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, referido ás actividades sometidas a declaración responsable, indica no seu apartado 1: “Con carácter xeral, a apertura dos establecementos abertos ao público nos que se desenvolvan espectáculos públicos ou actividades recreativas e a organización de espectáculos públicos e actividades recreativas están sometidas ao réxime de declaración responsable”.

Dito artigo 40, punto 7, último parágrafo indica:

“Igualmente, será necesaria a presentación de declaración responsable para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas de carácter extraordinario que se desenvolvan esporadicamente en establecementos abertos ao público, suxeitos ao réxime de declaración responsable, legalmente habilitados para celebrar un espectáculo público ou actividade recreativa distinta da propia do establecemento. Nestes casos, deberase presentar a documentación prevista neste artigo que resulte procedente tendo en conta as características do espectáculo ou da actividade de carácter extraordinario. Así mesmo, deberase dispoñer do seguro previsto na lexislación de espectáculos públicos e actividades recreativas”.

O artigo 8 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, esixe dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil tamén para as actividades extraordinarias.

O catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas regúlase polo Decreto 124/2019, de 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público na Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

EXPTE.: D 90/2020

OBXECTO: MEDIDAS PARA ACTIVIDADES DO OCIO NOCTURNO

Dado que a orde de peche do lecer nocturno se trata dunha medida provisional por mor da situación sanitaria por COVID-19, os establecementos con título habilitante municipal en vigor de lecer nocturno poderán achegar declaración responsable para espectáculo público e actividade recreativa extraordinaria (namentres dure a orde de peche do lecer nocturno), sempre e cando o establecemento reúna as condicións para dito espectáculo público ou actividade recreativa extraordinaria das contempladas no Decreto , e coas seguintes condicións:

1.- O exercicio de dita actividade será extraordinario e limitado no tempo, só durante o tempo que dure o peche do lecer nocturno marcado polas autoridades sanitarias. Unha vez remate a orde de peche de ocio nocturno, a declaración responsable de actividade extraordinaria perderá o seu efecto e seguirá en vigor o título habilitante de lecer nocturno do que dispoña o establecemento

2.- Deberán de cumprirse as condicións da actividade extraordinaria que estean en vigor, tanto as referidas á propia actividade (horarios e demais condicións de exercicio) como as que se indiquen por parte das autoridades sanitarias ou outras competentes que lle sexan de aplicación

Para os efectos do indicado, os titulares de establecementos con título habilitante para actividade de ocio nocturno (discotecas, pubs, cafés-espectáculo, salas de festas, así como as salas de concertos que desenvolvan as súas actividades de forma análoga aos anteriores) deberán achegar a seguinte documentación por calquera medio dos previstos na Lei 39/2015:

- Modelo DR-01 (declaración responsable de espectáculos públicos e actividades recreativas) cuberto e asinado.

Neste modelo declarará unha actividade compatible coas condicións do establecemento no apartado ("Actividade extraordinaria") e coa orde de peche do lecer nocturno, que ordinariamente poderá ser a de "III.2.5.3 BAR".

- Seguro de responsabilidade civil en vigor (que cubra expresamente a actividade extraordinaria que se declara)
- Informe asinado por técnico competente que indique que o establecemento cumpre coas condicións necesarias para celebrar a actividade recreativa extraordinaria distinta da propia do establecemento que se está a declarar

Todo isto, sen prexuízo das facultades de control e inspección do concello sobre as actividades declaradas, así como calquera medida ó respecto que se adopte polas autoridades competentes.

Achégase xunto con este Edicto o **MODELO DR-01** con apartados xa cubertos para facilitar a tramitación.

Para calquera aclaración ou dúbida dispónse o seguinte e-mail: "actividades.urbanismo@ferrol.es" ou chamada telefónica ó 981944000 (ext. 320 ou 318) en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Ferrol, na data da sinatura dixital

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP 22/07/2019)

Julián Reina Villalón
(asinado dixitalmente)